

**PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
**- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -**

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
29/11/2011	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p><b>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL</b> D. Antonio Abril Abadín</p> <p><b>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. José María Barja Pérez. Reitor D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Grela Barreiro. Vicepresidenta</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Luis Barral Losada D<sup>a</sup> Nuria Veira Sousa</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</b></p> <p><b>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA</b> D. Manuel Caamaño Suárez D. Juan Carlos González Fernández D. Sonia Romero Teijo D<sup>a</sup> Sofía Elia Vázquez Vilachá D. Marcelo Castro Rial-Schuler</p> <p><b>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA</b> D<sup>a</sup> Olga Patiño Doval D. Bruno Díaz Doce</p> <p><b>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS</b> D. José Carrillo Souto</p> <p><b>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIARIS</b> D. Antonio Couceiro Méndez D. Francisco Santiáñez Orero</p> <p><b>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS</b> D. Francisco J. Mourello Barreiro D<sup>a</sup> María Concepción López Fernández</p> <p><b>SECRETARIO</b> D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

<b>ACORDOS ADOPTADOS</b>
- Apróbase a acta da sesión do Pleno do Consello Social celebrada o día 30 de Xuño de 2011.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar o cambio de denominación da E.U de Fisioterapia polo de Facultade de Fisioterapia.
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 5 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, o cambio de denominación de Facultade de Humanidades polo de Facultade de Humanidades e Documentación.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 4 o) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar a creación da empresa de base tecnolóxica da UDC "Syntheractive".
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a aprobación das seguintes propostas de creación dos programas de doutoramento para o curso 2011/12: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Programa de doutoramento en Socioloxía.</li> <li>- Programa de doutoramento Sociedade do coñecemento. Novas perspectivas en documentación, comunicación e humanidades.</li> </ul>
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a modificación dos prezos públicos do Servizo de Apoio á Investigación para o ano 2011.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar bonificacións sobre as tarifas polo uso de espazos e/ou instalacións deportivas a organización que teñen suscritos convenios de colaboración coa UDC e contribuirán en actividades de investigación, extensión universitaria e fundamentalmente da docencia de ata o 50% da tarifa correspondente.

- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar a proposta de creación dos seguintes títulos de mestrado universitario pola Universidade da Coruña para o curso 2012/2013:

- Mestrado Universitario en Materiais Complexos: Análise, Térmica e Reoloxía.
- Mestrado Universitario en Enxeñería Naval e Oceánica.
- Mestrado Universitario en Enxeñería Industrial.
- Mestrado Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías.
- Mestrado Universitario en Enxeñería da Auga.
- Mestrado Universitario en Avogacía.
- Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxía e Xestión Ambiental.
- Mestrado Universitario en Tecnoloxía e Edificación Sostible.

- Apróbese, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a supresión dos seguintes mestrados universitarios:

- Mestrado Universitario en Investigación en Tecnoloxías Navais e Oceánicas.
- Mestrado Universitario en Enxeñería e Tecnoloxía Industrial.
- Retírase a solicitude de aprobación do programa de doutoramento interuniversitario en nanomedicina.

- Acórdase , ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, fixar as tarifas para o curso 2011/2012 dos cursos da Cátedra Jean Monnet da Universidade da Coruña, na mesma contía que establece o Decreto 133/2011, de 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á títulos oficiais na ensinanza universitaria para o curso 2011/2012.

- Infórmase favorablemente, ao abeiro do disposto no art. 4 i) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, e no art. 4.1 e) do seu Regulamento de organización e funcionamento, a modificación da Relación de Postos de Traballo do PAS funcionariado da UDC.

- Apróbese, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia e nos termos fixados pola normativa de aplicación, a asignación individual do complemento autonómico ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora ao procesoramento da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 20 de xullo de 2011.

- Apróbese, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia e nos termos fixados pola normativa de aplicación, a asignación individual do complemento autonómico do recoñecemento polos cargos de xestión ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 20 de xullo de 2011.